CONCELLO DE CAMBADOS

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2019/4	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	25 de abril de 2019
Duración	Desde as 21'00 ata as 23'48 horas
Lugar	SALON DE SESIONS
Presidida por	FATIMA ABAL ROMA
Secretario	MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR

ASISTENTES (14):

PSDG-PSOE (3): D. Miguel Pérez Osorio, Dª Milagros Martínez Piñeiro e Sra. Alcaldesa.
B.N.G. (3): Dª Mª Josefa Cacabelos Domínguez, Dª Mª Teresa Prado Cores e D. Víctor Manuel Caamaño Rivas
SOMOS CAMBADOS (2): D. Xurxo Charlín Trigo e Constantino Cordal Rodríguez.
CAMBADOS PODE (1): D. José Ramón Abal Varela
P.P. (5): D. Luís Aragunde Aragunde, D. Antonio Joaquín Iglesias Pombo, D. Juan Ramiro Gómez Blanco, Dª Mónica Montserrat Peña Otero e D. Fabián Domínguez González.

NON ASISTE (3):
Os Concelleiros do Partido Popular: D. Eulogio Pomares Botana, Dª Isabel Varela Piñeiro e Dª Ana Isabel Oubiña Santos.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES (SESIÓNS DO: 29/11/2018; 20/12/2018; 30/01/2019 E 28/02/2019)

MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR (1 para 2)
SECRETARIO
Data de Sinatura: 11/06/2019
HASH: c4bdf470637bfe2bcaa0cdea52e6990c

FATIMA ABAL ROMA (2 para 2)
Alcaldesa en Funcions
Data de Sinatura: 11/06/2019
HASH: b59acf7a00814ffb198f1c8c24a4e6ee

O Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes no acto, aproba as actas anteriores.

2.- EXPTE. 1755/2019.- IRMANDADE CO CONCELLO DE CELORICO DE BASTO

A Sra. Alcaldesa, ao abeiro do artigo 97.2 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro somete a votación a inclusión na orde do día da seguinte proposición:

"*As irmandades buscan pontes en común e lazos que permiten o desenvolvemento das cidades.*

Sábese que as irmandades xurdiron e proliferaron na segunda Guerra Mundial, no período do armisticio, entre Francia e Alemaña, co obxectivo de proporcionar aos cidadáns europeos maiores lazos de unión e así promover proxectos de beneficio mutuo.

Cambados, hoxe en día, xa ten varios acordos de irmandade, comezando en 1996 coas ciudades de Mont-Dol, Cherrueix, Le Vivier, Baguer, Hiriel e Dol de Bretange en Francia, e ampliado coa irmandade con Cigales, provincia de Valladolid en 2018.

Cada irmandade ten a súa razón. Na actualidade, xurde a importancia dun novo irmandamento, con conexións común necesarias, pero sobretodo cunha dinámica de aprendizaxe e interacción mais intensa dada a proximidade entre os dous municipios. É con esta nova visión de construír un futuro común, nos ámbitos social, cultural, educativo, deportivo, económico e institucional, que ten como obxectivo dinamizar e instituir a irmandade coa cidade de Celorico de Basto en Portugal.

Polo tanto:

CONSIDERANDO que a camelia é o símbolo turístico e de identidade de Celorico de Basto, e que o Concello de Cambados e os seus habitantes amosamos interés por as Camelias. Celebrando a Mostra Internacional da Camelia, e sendo municipio sede da Asociación Ibérica da Camelia. Cambados tamén abraza o culto das camelias, suxerindo a promoción conxunta do producto turístico con moitos afeccionados en Portugal e España;

CONSIDERANDO que, a historia de Cambados, igual que a historia de Celorico de Basto, é milenaria, xa que contamos con un casco histórico considerado en novembro de 2001 "Ben de Interese Cultural";

CONSIDERANDO que os Cambadeses e os Celoricenses adoran folclore, as tradicións e as festas folclóricas;

CONSIDERANDO que Celorico de Basto e Cambados teñen unha diversidade de festas, tanto relixiosas como paganas, que se combinan con exaltacións gastronómicas pola riqueza e variedade da cociña galega e portuguesa;

CONSIDERANDO que existe unha proximidade lingüística entre o portugués eo galego, e como tal, fomentar unha mellor comunicación e comprensión entre as persoas de ambas comunidades;

CONSIDERANDO que nos últimos anos houbo unha gran proximidade institucional entre os dous municipios, sendo Cambados un dos principais contribuíntes á internacionalización do Festival da Camelia de Celorico de Basto;

CONSIDERANDO que o municipio de Celorico de Basto e o municipio de Cambados teñen obxectivos comúns na promoción turística, aínda que Cambados é unha cidade con mar e con outras características diferenciasdas de Celorico de Basto, este tamén é un municipio orientado ó turismo. Pobos enófilos e gastronómicos, con dúas festas de gran relevancia (Festa do Albariño e Festa da Vida).

CONSIDERANDO que ambos municipios teñen un papel relevante na promoción da espiritualidade: Cambados forma parte dos Camiños de Santiago, na súa variante espiritual. En Celorico de Basto tamén son moi frecuentes as peregrinacións a Santiago de Compostela.

As festas patronais de Celorico de Bastos son en honor a Santiago;

CONSIDERANDO que ambos municipios fan unha gran aposta no deporte. Cambados ten unha forte presenza deportiva. Celorico de Basto tamén ten, e hai a vontade en termos de realización e participación conxunta nas iniciativas de ambos municipios;

CONSIDERANDO que ambos municipios promoven o desenvolvemento económico e baséanse no uso dos seus recursos endóxenos e industriais. Ambos temos unha gran vocación agrícola, vitícola e turística, Cambados orientada cara aos recursos do mar, e Celorico de Basto, máis aló do recente compromiso da industria, contando cunha nova organización territorial dos axentes económicos.

CONSIDERANDO que os municipios promoven o intercambio cultural e interxeracional. Hai unha gran aposta nas actividades dedicadas ás persoas maiores, así como actividades recreativas e deportivas dirixidas aos máis novos. Estas actividades e este intercambio pódense desenvolver tanto no ámbito dos municipios como no ámbito dos clubs e asociación;

CONSIDERANDO que Cambados e Celorico de Basto teñen unha gran proximidade xeográfica, xa que están preto dos 208 quilómetros, o que significa que hai un maior número de iniciativas en común e en colaboración entre os dous municipios;

Tendo en conta estas consideración e as motivacións propostas:

Tendo en conta as razóns antes mencionadas para a proximidade entre os dous municipios, crendo no desenvolvemento conxunto e fraterno entre os dous municipios, entre as institucións das dúas comunidades e entre os Cambadeses e os Celoricienses, proponse, ao pleno, a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar a celebración dun protocolo de irmandade entre os Concellos de Cambados e de Celorico de Basto co obxecto de contribuir ao crecemento cultural, social e económico dos dous pobos.

2. Facultar á Sra. Alcaldesa para a formalización do protocolo de irmandade entre os dous Concello pola motivación que antecede."

O Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes no acto, acorda ratificar a inclusión na orde do día da proposición anterior.
A Sra. Martínez (PsdeG-PSOE) da conta dos trámites seguidos para a consecución da proposta de irmandade co Concello de Celorico de Basto dada a proximidade xeográfica, lingüística, institucional e cultural entre os dous municipios e de culto mantido á camelia.
Explica que o acordo xa foi aprobado polo Concello de Celorico de Basto e ven sumarse a outros irmanamentos como o levado a cabo co Ayuntamiento de Cigales.
O Sr. Aragunde (PP) di que non teñen inconvinte en apoiar a proposta.
Sometido a votación o Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes no acto, adopta o seguinte,
ACORDO:
1. Aprobar a celebración dun protocolo de irmandade entre os Concellos de Cambados e de Celorico de Basto co obxecto de contribuir ao crecemento cultural, social e económico dos dous pobos.

2. Facultar á Sra. Alcaldesa para a formalización do protocolo de irmandade entre os dous Concello pola motivación que antecede.

3.- EXPTE. 1412/2019.- ACORDO PARA ADHESIÓN Á INICIATIVA EUROPEA DO PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA.-

Dáse conta da seguinte proposta de acordo:

"Con data 18/03/2019 – R.E. 2019-E-RC-1545, por parte do Tenente de Alcalde, D. Victor M. Caamaño Rivas, presentouse para a súa aprobación no próximo pleno, o seguinte acordo de adhexión á iniciativa europea do pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía:

"A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxétida da Unión Europea. O pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO2 a través de m edidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.

A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors Adapt, basesada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.

O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as inciativas anteriores. Esta n ova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbio urbano, conseguir unha reducción das emisións de CO2 no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométense a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión. O PACES inclúe:

1) un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación;

2) unha avaliación de riscos e vulnerabilidade ante o cambio climático;

Ademáis, cada dous anos deberaxe presentar un informe de seguimento do PACES.

O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores claves para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en

reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.

A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía e o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático, decidiu participar neste iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de promover e apoiar aos concellos de Galicia na súa adhesión ao pacto e conseguir que no ano 2020 haxa, a lo menos, 100 concellos galegos adheridos ao Pacto, e estean todos os concellos de máis de 20.000 habitantes.

Coñecedor da importancia das accións locais na mitigación do cambio climático como Alcaldesa do Concello de Cambados recoñezo que o noso compromiso esixe:

1.- Un liderado politico forte:

** Definir obxectos ambiciosos a longo prazo, máis alá dos mandatos políticos.*

** Unha interacción coordinada entre a mitigación e a adaptación a través da mobilización de todas as áreas municipais implicadas;*

2.- Un enfoque territorial integral e intersectorial.

3.- A asignación dos recursos humanos, técnicos e financeiros axeitados:

** O compromiso de todas as partes implicadas nos nosos territorios.*

** O empoderamento dos cidadáns como consumidores proactivos "prosumers" e participantes nun sistema enerxético responsable e sensible á demanda.*

4.- Accións inmediatas, medidas flexibles e efectivas para agora e para o futuro, "non regresivas".

5.- A implantación de solucións intelixentes para facer fronte aos retos sociais e técnicos da tansición enerxética.

6.- Revisar periódicamente as nosas accións conforme aos controis e as avaliacións dos resultados.

Por todo iso, este Concello quere sumarse ao PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA e apoiar esta iniciativa, necesaria para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello. E para que conste, eu Dna. Fátima Abal Roma Alcaldesa desta Corporación, comprométome a:

1. Reducir as emisións de CO2 no noso territorio en a lo menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.

2. Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.

3. Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.

4. Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir de la sinatura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso.

5. Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a evaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.

6. Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locales e rexionais da Unión Europea.

7. Adaptar as estructuras do concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das acciones necesarias.

8. Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.

9. Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación.

Na súa consecuencia, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes acordos:

- A adhesión do Concello de Cambados ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.

- Facultar á Alcaldesa de Cambados para que represente ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacóns que requira a súa representación".

O Pleno manifestase de forma favorable á ratificación da inclusión na orde do día da proposición anterior.
O Sr. Caamaño (BNG) expón que a adhesión á iniciativa europea do Pacto dos Alcaldes para o clima e para a enerxía constitúe unha iniciativa adoptada de forma coordinada coa Unión Europea e a Consellería de Medio Ambiente coa finalidade de reducir as emisións de CO2 na nosa vila acompañada de medidas de aforro enerxético que xa se están a levar a cabo.
A Sra. Alcaldesa (PsdeG-PSOE) di que a denominación de "Pacto de Alcaldes para o clima" semella algo doutro século, en alusión á cuestión de xénero.
Sometido a votación o Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes no acto, adopta o seguinte, **ACORDO:**

1.- A adhesión do Concello de Cambados ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.
2.- Facultar á Alcaldesa de Cambados para que represente ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacóns que requira a súa representación.

4.- Expediente 833/2019.- PROPOSICIÓN DO B.N.G. S/DOTACIÓN DE AMBULANCIA MEDICALIZADA PERMANENTE NA COMARCA DO SALNÉS

A Sra. Alcaldesa, ao abeiro do artigo 97.2 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro somete a votación a inclusión na orde do día da seguinte proposición:

"*A Comarca do Salnés ven demandando unha ambulancia de soporte vital avanzado practicamente dende a inauguración do propio Hospital do Salnés.*

Una demanda máis que xustificada porque os recursos sanitarios existentes no Salnés non permiten a atención de patoloxías graves, nin a maior parte das veces, prestar asistencia médica in situ a doentes de extrema gravidade, nin asistilos con persoal facultativo e de enfermería durante os traslados a un centro hospitalario, ao non contar con ambulancia de soporte vital avanzado, nin ter UCI o Hospital do Salnés.

A ambulancia de sporte vital avanzado máis próxima ten a súa base en Pontevedra, e si ten que acudir esta ambulancia, no mellor dos casos, tarda unha media de 30 minutos que se ve ampliada a 50 nos caos de A Illa de Arousa ou de Catoira; iso cando esta ambulancia non está ocupada e hai que chamar a que estea, por exemplo, en Vigo, co cal os tempos de resposta, as isócronas, multiplícanse.

Polo tanto hai unha ambulancia de soporte vital avanzado en Pontevedra que ten que atender unha poboación de máis de 300.000 habitantes: toda a zona de Pontevedra, parte do Morrazo, parte da zona de A Estrada-Deza e toda a comarca do Salnés, isto en época normal, porque en épocas como a estival, esa poboación multiplícase, cando a OMS recomenda que haxa unha por cada 120.000.

Nas atención das patoloxías de gravidade o tempo é un factor esencial, polo cal non é entendíbel que unha comarca tan ampla, cunha poboación de máis de 115.000 habitantes como a do Salnés, que se multiplica en épocas do ano, especialmente no verán, cun porto de interese xeral, unha importante actividade económica con potencial risco como é o traballo no mar e cunha alta siniestralidade viaria non teña un hospital con UCI e non conte con ningunha ambulancia de soporte vital avanzado, é decir dotada cun equipo humano especializado, con persoal facultativo e de enfermería e coa dotación de equipos necesarios para atender emerxencias de gravidade.

Sobran as razóns que xustifican a necesidade dunha ambulancia de soporte vital avanzado para a comarca do Salnés, e non hai argumentos para xustificar o contrario.

O BNG considera imprescindíbel esta dotación para non seguir a poñer en risco a saúde e vida d@s veciñ@s da comarca.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO

** Instar á Xunta de Galiza a que non novo concurso, para o Srvizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre que a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galiza-061 esta iniciando, se contemple para a comarca do Salnés dun servizo permanente, 24 horas ao día, os 365 días do ano, de como mínimo unha ambulancia de Soporte Vital Avanzado, é dicir, dotada permanentemente cun equipo humano composto por persoal facultativo e de enfermería, especializado na atención sanitaria en situacións de emerxencias e dous/dúas técnicas en transporte sanitario urxente e ao mantemento das existentes".*

O Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes no acto, acorda ratificar a inclusión na orde do día da proposición anterior.

O Sr. Caamaño (BNG) da conta da problemática vivida en relación á ambulancia medicalizada permanente na Comarca do Salnés, iniciativa rexeitada inicialmente no Parlamento de Galicia, e recentemente solventada grazas a presión social exercida.

O Sr. Abal (Cambados Pode) di agradecer á Xunta de Galicia a atención a esta demanda.

O Sr. Cordal di que é unha boa nova que a Xunta acepte esta demanda, sen facer oídos sordos á problemática da sanidade que preocupa a poboación.

A Sra. Martínez (PsdeG-PSOE) di que o grupo do PsdeG-PSOE de Cambados elevou ao Parlamento de Galicia diversas iniciativas a este respecto con tres negativas.

Agradece ao PP a resolución desta problemática.
O Sr. Aragunde (PP) da conta das xestións realizadas a prol dos veciños/as de Cambados co obxecto de contar con esta ambulancia.
Sometido a votación o Pleno, por nove votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, BNG, Somos Cambados e Cambados Pode e cinco abstencións dos concelleiros integrados no grupo municipal do PP adopta o seguinte,
ACORDO:
Instar á Xunta de Galiza a que non novo concurso, para o Srvizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre que a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galiza-061 esta iniciando, se contemple para a comarca do Salnés dun servizo permanente, 24 horas ao día, os 365 días do ano, de como mínimo unha ambulancia de Soporte Vital Avanzado, é dicir, dotada permanentemente cun equipo humano composto por persoal facultativo e de enfermería, especializado na atención sanitaria en situacións de emerxencias e dous/dúas técnicas en transporte sanitario urxente e ao mantemento das existentes.

5.- Expediente 913/2019.- PROPOSICIÓN DE SOMOS CAMBADOS EN DEFENSA DOS TRABALLADORES DO MAR

A Sra. Alcaldesa, ao abeiro do artigo 97.2 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro somete a votación a inclusión na orde do día da seguinte proposición.
O Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes no acto, acorda ratificar a inclusión na orde do día da proposición anterior.
O Sr. Charlín (Somos Cambados) da lectura ao seguinte escrito en relación á proposición presentada por parte do seu grupo político:
"*A finais do ano pasado foi aprobado polo consello de ministros o Real Decreto-ley 28/2018, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, sendo convalidado polo Congreso no mes de xaneiro.*
A realidade é que, este real decreto mellora as prestacións cunha subida nas cotizacións aos traballadores do mar, pero esta modificación tamén supón un aumento importante do custe da Seguridade Social para as empresas pesqueiras, con especial incidencia nas empresas do Grupo II de cotización ao Réxime Especial do Mar.
Aínda que estaba previsto excluír as cotizacións para as embarcacións inferiores a 10 toneladas, na realidade non se aplicaron estas exclusións que se plantexaron neste Real Decreto-Ley, co cal aos pescadores artesanais, ás mariscadoras a pe a aos mariscadores a flote, se lles incrementou a base de cotización da seguridade social. Hai que ter en conta tamén que isto aumentou considerablemente o custe das cotizacións dos barcos duns 50 euros/mes por tripulante e das mariscadoras a pe nuns 46 euros/mes. Para un barco de cerco ou de arrastre, con 10 persoas a bordo, supón uns 500 euros máis ou mes e uns 6.000 ao ano, cuestión que haberá que deducir dos salarios toda vez que na meirande parte dos barcos andan "a quiñon" e verán restrinxido o montante do que se reparte.
Ademáis, e vistas as modificacións realizadas, os colectivos mostraron o seu rexeitamento a esta medida, xa que non foi consensuada nin coas confrarías nin coas asociacións de autónomos, así mostraron o seu rexeitamento publicamente a esta medida, ademais de que denunciaron a falta de información por parte do ISM, denunciando que coñeceron esta forte subida nas súas cotas o mércores, porque é cando a Seguridade Social pasoulles ao banco o cobro dos recibos correspondentes a xaneiro. As asociacións de autónomos tamén denunciaron que ninguén previra que o Goberno aplicase unha subida de 50 euros mensuais aos traballadores do mar por que non se discutiu nas mesas de negociación, x que non se abordou nas comisións executivas do ISM.
Por todo o exposto, consideramos que a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado debe atender as reivindicacións dos traballadores do mar. Con esta finalidade, o Pleno da

Corporación do Concello de Cambados ACORDA.
1º. Instar á Xunta de Galicia e o Goberno do Estado a:
1.- Negociar coas organizacións de autónomos e a Federación Galega de Confrarías para acadar un acordo que permita mellorar as prestacións sociais dos traballadores do mar de forma paulatina e mediante o consenso.
2.- Negociar e acadar un acordo para que se corrixa esta modificación legal deixando sen efecto esta suba dos abonos á Seguridade Social ata que se chegue a un acordo coas organizacións de autónomos a e Federación Galega de Confrarías.
3.- Que se realice por parte da Xunta de Galicia un estudio completo e serio sobre cal é a situación da protección real e social dos traballadores do mar en Galiza, no que se teña en conta posibles desequilibrios ou descompensacións entre as diferentes continxencias profesionais de mariscadores a flote ou a pe, redeiras e tripulantes de baixura e altura, e que en base aos resultados do mesmo se demande do goberno central as protecciónsacordes coas situacións reais dos traballadores do mar.
2º.- Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado".

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) segue a dicir que a finais do ano pasado foi aprobado polo consello de ministros o Real Decreto-ley 28/2018, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, sendo convalidado polo Congreso no mes de xaneiro. Modificouse tamén as cotizacións para as traballadoras e os traballadores do mar. E isto tivo especial incidencia nos Grupo II e III de cotización ao Réxime Especial do Mar, en concreto en mariscadoras traballadores de pesca artesanal.
Inicialmente parecía que se advertía que os buques de máis de 10 Toneladas quedaban excluídos da aplicación desta mediada, pero na realidade si que lles afectou.
Falando co sector percibimos unha grande desinformación, non coñecían como lles ia afectar o decreto, e como lles ia afectar nas cotas que pagan cada mes a seguridade social.
Esta desinformación e froita da falta de dialogo co sector. Ou polo menos con parte do Sector, falamos con mariscadoras que pasaron a pagar 240 euros cando antes pagaban 194 euros.
Se queremos ser coherentes, temos que ter en conta o sector para a toma destes medidas, xa que o incremento destas cuotas de cotización poden supoñer riscos para o desenrolo e a continuidade destas actividades.
Falemos das Mariscadoras, un dos incrementos mais importantes nas súas cotizacións ten que ver co incremento nas bases de cotización de continencias profesionais, e isto pasa polos coeficientes redutores. Un coeficiente de 0,10 que xa nos parece inxusto de por si, por que e tremendamente desigual co de coeficiente de 0,40 que teñen outros traballadores do mar. Non concordamos coa forma de levar a practica este incremento, por que se fai de forma lineal, non se ten en conta os distintos coeficientes de cada sector e polo tanto de unha forma inxusta.
Nos estamos a favor de incrementar as prestacións para as traballadoras e os traballadores do mar, mesmo entendemos e compartimos que as melloras non se conseguen se non e a costa de incrementos nas cotizacións, pero estes incrementos teñen que ser pactados, consensuados, informados e sobre todo proporcionais.

Este real decreto contempla melloras nas prestacións, e certo, un deles e o incremento por cese de actividade, outro é a exención de cuotas cando van máis ala de 60 días de baixa medica. Isto claro que nos parece positivo, pero non compensa o brutal incremento para as mariscadoras e os traballadores de pesca artesanal.
No ano 2018 para unha base de 1.335€, pagábase unha cuota mensual de 194€. No ano 2019 para unha base de 1.419€, a cuota pasa a ser de 240€, o que supón un

incremento de 46€ na cuota mensual, un incremento dun 23% na cuota do seguro cando a base de cotización só sube un 6%.
A subida aumenta principalmente na aportación a incapacidades laborais por accidentes de traballo. Unha subida que non ten en conta o difícil que é para que a unha mariscadora se lle recoñeza por exemplo un brote de dor de artrose como enfermidade profesional, ou da cantidade de trabas que existen para o recoñecemento de accidentes de traballo.
Cando un traballador fai unha ferida, e evidente a relación causa efecto entre o corte e a ferida, pero pola contra existe unha inmensa cantidade de lesións músculo esqueléticas que son consecuencia da sobrecarga crónica do traballo que realizan as mariscadoras, e pola contra, non se catalogan como enfermidades do traballo.
Están pasando coma desapercibidos moitos danos da saúde das traballadoras e dos traballadores do Mar que veñen motivados pola súa actividade profesional e pola contra, están sendo catalogados como enfermidades comúns, e polo tanto non se consideran accidentes de traballo. Nin se quera se coñecen ben os datos de siniestralidade laboral. E saben que significa isto, que se esta infraestimando aquilo polo que se esta a pagar mais, ou sexa que van pagar máis por aquilo que non se esta diagnosticando.
Moitas enfermidades profesionais pasan por enfermidades comúns pola súas dificultades de catalogación, en primeiro lugar, por que as propias profesionais sanitarias descoñecen os factores de risco de orixe laboral, en segundo lugar, o período de latencia que a veces e largo dende que se expón a unha condición ata que ten un efecto, en terceiro lugar por que as determinacións de continxencia son uns procedementos administrativos tremendamente complexos, e en cuarto lugar por que no se fai vixiancia post-ocupacion, o cal proboca que as consciencias do traballo pasan a largo prazo a ser inadvertidas.
Ou sexa, antes de facerlle pagar máis por unha prestación que apenas desfrutan, hai que recoñecer en serio as enfermidades profesionais e os accidentes de traballo.
Por unha banda o ministerio escudase, en que isto e unha subida que lle afecta a tódolos traballadores autónomos, non so as traballadoras e os traballadores do mar, pero dende Somos Cambados entendemos que deben tratarse de modo distinto e con negociación previa, por iso demandámoslle ao goberno central a negociación dun acordo e que o leve a cabo coas Cofradias, e non só con Cofradias, se non tamén coas asociacións profesionais do sector que non están identificados nas mesmas.
Se o ministerio quere pactar de verdade que mire se todo o colectivo esta representado, hai que falar co sector, con todo o sector. De feito son as mulleres as que máis lles afecta esta medida, e que nos trasladaron nalgún caso a dificultade de continuar exercendo a actividade por esta drástica subida nas cuotas da seguridade social, por iso demandamos ao goberno central, tamén que deixe sen efecto estes incrementos, mentres non se chegue a un acordo co todo o conxunto do sector do mar.
Tamén constatamos e tamén padecemos un alto grado de desinformación sobre as contías das cuotas e de como este real decreto afecta o colectivo. O primeiro ten que ser coñecer tódolos pormenores e despois negociar en sentido amplío por pouco se debeu negociar co sector cando o mesmo mostrou o seu malestar por estar desinformado.
O decreto si que ten unhas mellores evidentes, pero as repercusións dos incrementos son superiores para os traballadores con salarios inferiores, ou sexa sobre mariñeiros artesanais e sobre mariscadoras.
Recoñecemos as melloras nas prestacións por cese de actividade ou a exención de cuotas cando van máis ala de 60 días de baixa medica, pero non nos parece nin proporcional, nin equitativo, nin proporcionado nin asumible o incremento por iso

traemos esta moción hoxe a este pleno. Por exemplo non se ten en conta se un traballador do mar voluntariamente os últimos anos de cotización pode incrementar a súa base de cotización para percibir unha maior pensión no futuro, ou o incremento dos coeficientes redutores para a xubilación das mariscadoras ou das redeiras, como despois trataremos máis adiante noutra moción que tamén presentamos para debater neste pleno.
Cremos que faltan estudios serios para saber cal e a situación das traballadoras e dos traballadores do mar en Galicia, estaría ben saber cales son as súas necesidades por exemplo en termos de saúde laboral, de xubilación, saber algo máis dos accidentes laborais e das enfermidades profesionais, das baixas laborais e das súas duracións. Estamos convencidos de que están infra-valoradas.
Hai que ter en conta as diferentes continxencias profesionais e hai que avaliar e recoñecer as diferentes enfermidades profesionais, se non non seremos xustos. En base a isto hai que demandar ao Goberno Central maior protección para as traballadoras, pero sobre todo hai que negociar co sector, con todo o sector, non se poden aplicar subidas das cotizacións, non pactadas, non progresivas, desiguais e que repercuten en que menos gana, por que isto compromete a equidade e mesmo a permanencia de determinados colectivos."
Critica a falta de consenso coas traballadoras e di que non se fixo ben a falta de negociación co sector.
A Sra. Alcaldesa (PsdeG-PSOE) plantea que se debatan a totalidade das mocións neste punto da orde do día, dada a similitude do tema, para proceder despois a súa votación por separado.
O Sr. Aragunde (PP) di que o Real Decreto Lei 28/2018 da lugar á subida das cotizacións dos traballadores do mar, coa conserguinte suba de custos á Seguridade Social. Solicita, igualmente, a aprobación dun catálogo de enfermedades profesionais e que se suspenda a aplicación deste Real Decreto en tanto non se aclaren os beneficios da súa aplicación.
Da lectura ao texto da proposición presentada polo seu grupo municipal.
A Sra. Cacabelos (BNG) da lectura á proposición presentada polo seu grupo político municipal.
Incide na necesariedade que cada traballador/a poida elixir e incrementar a súa cantidade cotizada, xa que non pode ser igual en función dos ingresos que se teñan.
Chama a atención, igualmente, acerca da situación das redeiras que desempeñan o seu traballo nunhas condicións de traballo moi duras e á desprotección que sufren ante esta problemática.
O Sr. Abal (Cambados Pode) di que ao seu grupo chegoulles a situación de malestar destes colectivos pola desinformación e pola suba nas cuotas de autónomos nun sector de grande trascendencia para Cambados.
Asume o compromiso de apoiar todas as mocións en todos os seus termos.
A Sra. Alcaldesa (PsdeG-PSOE) da conta dunha reunión mantida o pasado dezaseis de marzo entre os todos os sectores do mar, no que tamén se abordou a problemática do coeficiente reductor das redeiras.
Fai un repaso ás principais novidades da nova regulación (cobro de prestación por incapacidade temporal desde o primeiro día, melloras sociais; cobro por cese de actividade…)
Non obstante explica que existen demandas pendentes ante o Instituto Social da Marina e o Ministerio de Traballo (recoñecemento de novas enfermedades profesionais; incremento de coeficientes reductores; recoñecemento destes ás redeiras como no caso da tauromaquia…).
O Sr. Charlín (Somos Cambados) di estar de acordo coas mocións presentadas e incide na mala regulación existente dos accidentes de traballo do persoal do sector e

alerta da inexistencia dun catálogo de accidentes de traballo.
A Sra. Cacabelos (BNG) di que o grupo do BNG veu votar en contra desta iniciativa no Parlamento de Galicia ao considerar que a regulación presentaba eivas.
Demanda un estudo serio da regulación e que esta se poida asimilar ao réxime dos autónomos do mar, coa posibilidade de elixir o pago das cuotas en funcións dos ingresos e cunha actualización da relación das enfemidades profesionais.
Sometido a votación o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes no acto, adopta o seguinte,
ACORDO:
1º. Instar á Xunta de Galicia e o Goberno do Estado a:
1.- Negociar coas organizacións de autónomos e a Federación Galega de Confrarías para acadar un acordo que permita mellorar as prestacións sociais dos traballadores do mar de forma paulatina e mediante o consenso.
2.- Negociar e acadar un acordo para que se corrixa esta modificación legal deixando sen efecto esta suba dos abonos á Seguridade Social ata que se chegue a un acordo coas organizacións de autónomos a e Federación Galega de Confrarías.
3.- Que se realice por parte da Xunta de Galicia un estudio completo e serio sobre cal é a situación da protección real e social dos traballadores do mar en Galiza, no que se teña en conta posibles desequilibrios ou descompensacións entre as diferentes continxencias profesionais de mariscadores a flote ou a pe, redeiras e tripulantes de baixura e altura, e que en base aos resultados do mesmo se demande do goberno central as proteccións acordes coas situacións reais dos traballadores do mar.
2º.- Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado.

6.- Expediente 1106/2019.- PROPOSICIÓN DO P.P. EN RELACION AO AUMENTO DAS COTIZACIONS DOS TRABALLADORES DO MAR

A Sra. Alcaldesa, ao abeiro do artigo 97.2 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro somete a votación a inclusión na orde do día da seguinte proposición:

"*A finais do ano pasado aprobouse o Real Decreto-lei 28/2018, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, sendo convalidado polo Congreso no mes de xaneiro.*
A realidade é que, tal e como teñen denunciado os deputados do grupo parlamentario popular no Congreso dos Deputados, este real decreto sube as cotizacións aos traballadores do mar, dobrándoas na meirande parte dos casos, supoñendo esta modificación un aumento importante do custo da Seguridade Social para as empresas pesqueiras, con especial incidencia nas empresas do Grupo II de cotización ao Réxime Especial do Mar.
Aínda que no Real Decreto Lei se exclúen as cotizacións para as embarcacións inferiores a 10 toneladas, cando se acode á remisión ao proxecto de presupostos, non se recolleu esta exclusión que formulaban no Real Decreto-Lei, co cal aos pescadores artesanais, ás mariscadoras e aos percebeiros lles pasarían a dobrar este tipo de cotización.
Hai que ter en conta tamén que isto aumentaría o custe das cotizacións dos bar cos nuns 50euros/mes por tripulante. Para un barco de cerco ou de arrastre, con 10 persoas a bordo, supón uns 500 euros máis ao mes e uns 6.000 ao ano, cuestión que haberá que deducir dos salarios toda vez que na meirande parte dos barcos andan "a quiñón" ou "á parte" e verán restinxido o montante do que se reparte.
A maiores, esta suba é tamén aplicable ás mariscadoras, que ven como, por termo medio, se lles incrementa a contía de pago en arredor de 45 euros, ou o que é o mesmo, case un 25%.
Adeais, e vistas as modificacións realizadas, ningún colectivo obtén melloras substanciais

nesta reforma que xustifiquen ou compensen esta suba nos pagos á Seguridade Social.
Isto motivou que o Partido Popular realizase unha defensa da necesidade de corrixir ese aumento das cotizacións ou de compensar con novos avances en dereitos a suba, feito que levou a cabo tanto no Congreso, onde o Partido Popular foi o único que votou en contra da convalidación deste Real Decreto-lei, coma no Parlamento de Galicia, onde cabe subliñar que esta petición de rebaixa foi rexeitada tanto polo PSOE como polo BNG, e non foi apoiada por En Marea.
Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Cambados solicita ao Pleno da Corporación do Concello de Cambados a adopción do seguinte acordo:
O Concello de Cambados insta ao Goberno Central a que teña en conta os efectos perniciosos que esta suba de cotizacións terá sobre o persoal inscrito no réxime Especial do Mar e a que corrixa esta modificación legal deixando sen efecto esta suba dos abonos á Seguridade Social ou ben a que outorgue novos dereitos e beneficios aos inscritos que compensen ese incremento".
O Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes no acto, acorda ratificar a inclusión na orde do día da proposición anterior.
Sometido a votación o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes no acto, adopta o seguinte,
ACORDO:
Instar ao Goberno Central a que teña en conta os efectos perniciosos que esta suba de cotizacións terá sobre o persoal inscrito no réxime Especial do Mar e a que corrixa esta modificación legal deixando sen efecto esta suba dos abonos á Seguridade Social ou ben a que outorgue novos dereitos e beneficios aos inscritos que compensen ese incremento.

7.- Expediente 1409/2019.- PROPOSICIÓN DO B.N.G. S/AS COTIZACIONS DOS E DAS TRABALLADORAS DO SECTOR DO MAR

A Sra. Alcaldesa, ao abeiro do artigo 97.2 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro somete a votación a inclusión na orde do día da seguinte proposición.
O Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes no acto, acorda ratificar a inclusión na orde do día da proposición anterior.

"C*on data de aplicación 1 de xaneiro do presente ano 2019 entrou en vigor o Real Decreto-Lei 28/2018 para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego.*
Este R.D. supón algunhas melloras con respecto á situación anterior como cobrar prestacións por Incapacidade Temporal tanto por continxencias comúns como profesionais dende o primeiro día; ampliación da prestación por cese de actividade de 12 a 24 meses; equiparación da prestación por deseemprego co réxime xeral; o cese de actividade poderá cobrarse dende o día seguinte á tramitación da baixa e ata 3 veces ao ano; a partires do día 61 deixase de pagar a cota, etc.
Pero estas melloras nas prestacións supoñen un incremento das cotas a pagar polo colectivo afectado (primeiro as persoas traballadoras por conta allea retribuídas á parte, que exerzan a súa actividade pesqueira a bordo de embarcacións que non excedan os 10 TRB, enroladas nelas como técnicos ou tripulantes e segundo, ás persoas traballadoras por conta propia como mariscadores/as, percebeiros, recolledores de algas e análogos, mergulladores extractores de recursos mariños, redeiros/as e armadores que exerzan a súa actividade pesqueira a bordo de embarcacións de ata 10 RB, e estean enrolados nelas como técnicos ou tripulantes), incremento que en moitos casos non pode ser asumidos polos afectados debido aos baixos e irregulares ingresos deste tipo de persoal.
Esta subida xerou un profundo malestar no colectivo afectado cando foi coñecedor desta medida, malestar incrementado por non ser tidos en conta na elaboración deste R.D. lei, nin

ás Confrarías nin as organizacións de autónomos.
Polo EXPOSTO o Grupo Municipal do BNG no Concello de Cambados solicita ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:
1. Instar ao Goberno Central e á Xunta de Galiza a que inicien un estudo serio e profundo de cal é a situación de protección real das xentes do mar, cal é a descompensación, o desequilibrio entre as diferentes continxencias, a diferenza entre redeiras, mariscadoras/es a pé e a flote, percebeiros, altura, baixura, …; en definitiva, facer un estudo real e iniciar negociacións co obxectivo de acordar as medidas pertinentes co colectivo interesado, nomeadamente Federacións de Confrarías e Asociacións de autónomos.
2. Deixar sen efecto esta duvida mantendo as cantidades de 2018 como cotizacións mínimas e favorecer que o persoal afectado poida, voluntariamente, incrementar a súa cantidade cotizada, en vistas a unha maior retribución da futura pensión de xubilación, en función das cantidades ingresadas mensual ou anualmente, posto que non en todos lugares de explotación se gaña o mesmo, nin dentro do mesmo lugar gañan igual todas/os s traballadoras/es.
3. Elaboración dun novo cadro de enfermidades profesionais singularizado por colectivos.
4. Incremento dos coeficientes eduores para a idade de xubilación pola penosidade, perigosidade e dureza das condicións de traballo deste colectivo.
5. Dar traslado deste ACORDO ás administracións antes citadas"
Sometido a votación o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes no acto, adopta o seguinte,
ACORDO:
1. Instar ao Goberno Central e á Xunta de Galiza a que inicien un estudo serio e profundo de cal é a situación de protección real das xentes do mar, cal é a descompensación, o desequilibrio entre as diferentes continxencias, a diferenza entre redeiras, mariscadoras/es a pé e a flote, percebeiros, altura, baixura, …; en definitiva, facer un estudo real e iniciar negociacións co obxectivo de acordar as medidas pertinentes co colectivo interesado, nomeadamente Federacións de Confrarías e Asociacións de autónomos.
2. Deixar sen efecto esta duvida mantendo as cantidades de 2018 como cotizacións mínimas e favorecer que o persoal afectado poida, voluntariamente, incrementar a súa cantidade cotizada, en vistas a unha maior retribución da futura pensión de xubilación, en función das cantidades ingresadas mensual ou anualmente, posto que non en todos lugares de explotación se gaña o mesmo, nin dentro do mesmo lugar gañan igual todas/os s traballadoras/es.
3. Elaboración dun novo cadro de enfermidades profesionais singularizado por colectivos.
4. Incremento dos coeficientes eduores para a idade de xubilación pola penosidade, perigosidade e dureza das condicións de traballo deste colectivo.
5. Dar traslado deste ACORDO ás administracións antes citadas.

8.- Expediente 1410/2019.- PROPOSICIÓN DO PP S/ PETICIÓN INICIO EXPEDIENTE PARA SOLICITAR A XUNTA DE GALICIA A DESAFECTACION DO EDIFICIO DE ESCOLA UNITARIA DE COVAS DE LOBOS/VILARIÑO

A Sra. Alcaldesa, ao abeiro do artigo 97.2 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro somete a votación a inclusión na orde do día da seguinte proposición:
"*O Partido Popular de Cambados entende como necsidade para a parroquia de Vilariño, que o departamento de Educacón do Concello de Cambados inicie o expediente para solicitar á Xunta de Galicia a desafectación do edificio da escola unitaria de Covas de Lobos.*
A decisión debe adoptarse despois de que a Consellería de Educación decidiu fai uns anos pechar este recinto escolara para alumnos de educación infantil debido á falta dun grupo

mínimo de seis nenos e sendo recolocados éstes noutro centro escolar da parroquia.
O goberno municipal debería solicitar a recuperacón deste edificio co fin de incorporalo ao patrimonio municipal e destinalo a uso público, práctica que xa se está a dar por parte da Asociación de veciños O Batuqueiro ante a necesidade de espazos para realizar as actividades cos maiores que está a levar a cabo esta asociación.
O Partido Popular de Cambados recórdalle ao goberno que xa se desafectaron fai anos outras dependencias que a Consellería de Educación deixar en desuso e que actualmente están a ser utilizadas por colectivos das parroquias para o desenvolvemento social e cultural.
Dende o Partido Popular de Cambados, instamos ao goberno municipal a adopción do seguinte acordo: "O inicio do expediente para solicitar á Xunta de Galicia a desafectación do edificio da escola unitaria de covas de Lobos, en Vilariño"
O Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes no acto, acorda ratificar a inclusión na orde do día da proposición anterior.
O Sr. Aragunde (PP) di que a Escola Unitaria de Covas de Lobos, tras centralizarse todo o alumnado no colexio de Vilariño caeu en desuso polo que se considera axeitado demandar da Consellería de Educación a desafectación do centro para a implantación dun uso en beneficio dos vecinos da parroquia.
O Sr. Caamaño (BNG) di que o BNG sempre votou a favor das desafectacións polo que apoiará a iniciativa. Explica que este é o primeiro ano que o centro queda libre de matrícula e, posto en contacto co Director do centro, amósanse a favor da iniciativa e a debaterán no Consello Escolar e no Claustro.
O Sr. Abal (Cambados Pode) di que sr atopa a favor da inciativa ao existir consenso entre os grupos e existir acordo no Consello Escolar.
O Sr. Cordal (Somos Cambados) di que Somos atópase a favor da proposta.
A Sra. Alcaldesa (PsdeG-PSOE) manifféstase igualmente a favor da proposta.
Sometido a votación o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes no acto, adopta o seguinte,
ACORDO:
Que se inicie o expediente para solicitar á Xunta de Galicia a desafectación do edificio da escola unitaria de covas de Lobos, en Vilariño.

9.- Expediente 1518/2019.- PROPOSICIÓN DE CAMBADOS PODE S/AMPLIACIÓN CUPOS DE UVA ALBARIÑA POR HECTÁREA DURANTE AS PRÓXIMAS VENDIMAS NA D.O. RIAS BAIXAS

A Sra. Alcaldesa, ao abeiro do artigo 97.2 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro somete a votación a inclusión na orde do día da seguinte proposición:
"*Durante as pasadas colleitas de uva dos anos 2017 e 2018 no ámbito da DO Rías Baixas recolectáronse unhas cantidades moi abundantes de uva con récords de producción sendo a segunda e a terceira colleita máis abundante da historia. Segundo o regulamento do Consello Regulador Rías Baixas o límite máximo de producción por hectárea é de 12.000 kg para as variedades blancas. O que sucedeu foi que moitos viticultores superaron o cupo máximo tendo que deixar nas parras cantidades enormes de uva. Moita desta uva acaba nun percado paralelo a prezos moi baixos ou co fin de producir viño para autoconsumo.*
Na actualidade as vendas das Adegas de Rías Baixas estánse incrementando tanto no mercado nacional como nas exportacións e a tendencia nestos últimos anos é de crecemento soenido e de recuperacón total do sector. Podería producirse unha situación de risco por desabastecemento dos mercados debido á falta de uva, que poría en perigo o traballo de promoción realizado por todo o sector.
O regulamento do Consello Regulador prevé no artigo 9:
Artigo 9º.- Produccións máximas.
1. A producción máxima admitida por hectárea será:
a) 12.000 kilogramos para a variedad Albariña.

b) 10.000 kilogramos para as variedades tintas.
c) 12.500 kilogramos para as demáis variedades.

2. Os límites de producción sinalados no punto 1 deste artigo poderán ser modificados en determinadas campañas polo consello regulador, ben a iniciativa propia ou ben a petición en tempo e forma, de viticultores interesados na medida, efectuada con anterioridade á vendima. Esta decisión deberá ser tomada co acordo favorable da maioría absoluta do Pleno válidamente constituíio, despois dos asesoramentos e comprobacións que se precisen e o informe favorable do Órgano de Control. ***No caso de que tal modificación se produzca, a mesma non poderá superar o 25% dos límites citados.***
3.- A uva procedente de parcelas con rendementos superiores ao límite establecido non poderá ser utilizada para a elaboración de viños protexidos por esta denominación de orixe, debendo adoptar o consello regulador as medidas de control necesarias para asegurar o cumprimento deste precepto.

En anos de colleitas abudnantes os viticultores perden toda a p roducción que supere ese cupo de 12.000 kg xerando un grave prexuizo económico nas súas explotacións vitivinícolas e tamén cando a Natureza orixina colleitas de escasa producción novamente son os viticultores os grandes prexudicados.
A Natureza é variable a a norma non pode ser ríxida. Entendemos que si os stoks das adegas son baixos, que si a calidade da uva é boa e que si as previsións de colleita que se fan no mes de xullo e agosto apuntan a colleitas abundantes reúnense todos os requisitos para que o Pleno do consello regulador Rías Baixas poida xestionar os excedentes de uva aumentando os cupos.
O Pleno do Cosnello Regulador Rías Baixas ten a potestade de modificar este cupo ata u n máximo dun 25% segundo o regulamento, polo que si así se decidira, pasaría a ser ata un máximo de 15.000 kg. por hectárea propiciando para as familias de viticultores e para a economía local das zonas productoras de viño un importante impulso económico.
Ademáis temos que recordar a importancia do sector do viño non só para Cambados senón para toda a Comarca do Salnés.
Todo elo coa finalidade de dinamizar a economía local en Rías Baixas e promover o desenrolo da economía das familias dos miles de viticultores que temos amparados dentro da denominación de orixe.
O PLENO DA CORPORACIÓN ACORDA
1º.- Instar ao Pleno do Consello Regulador Rías Baixas a que incremente os cupos máximos de producción de uva albariña segundo ao regulamento, que podería incrementarse ata 15.000 kg/hectárea, en base ás estimacións de colleitas de uva, aos stocks das adegas e á calidade da uva en cada tempada.
2º.- Realizar tódolos trámites internos oportunos por parte do Concello de Cambados e notificar nun prazo máximo de 10 días hábiles ao Presidente do Consello Regulador Rías Baixas do acordo adoptado polo órgano Plenario Municipal de Cambados".

O Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes no acto, acorda ratificar a inclusión na orde do día da proposición anterior.
O Sr. Abal (Cambados Pode) da conta da regulación existente no Regulamento do Consello Regulador na que se establecen uns límites máximos de producción que poden ser incrementados de forma excepcional.
Explica que nas últimas colleitas recolectáronse excedentes que están sendo obxecto de venda nun mercado paralelo por mor desta regulación tan estricta que se estima, pode ser flexibilizada.
Considera que a postura que tome neste aspecto o Concello de Cambados pode ser trascendente, cunha medida que podería ir en beneficio dos viticultores e da propia economía local evitando que as uvas queden na parra.
A Sra. Alcaldesa (PsdeG-PSOE) interésase por se a proposta foi consensuada coas cooperativas.

O Sr. Abal (Cambados Pode) di que a Asociación de Viticultores amosouse en favor deste incremento.
O Sr. Charlín (Somos Cambados) di que o incremento na producción foi unha experiencia que xa se levou a cabo no ano 2011 dando lugar a unha rebaixa no prezo da botella por debaixo dos 5 euros.
Considera que o incremento de producción no mercado pode dar lugar a estes efectos, ademáis de producir un descenso na calidade final do viño, polo que ante esta situación non apoiarán a proposta presentada.
O Sr. Caamaño (BNG) di que a moción que se presenta ao Pleno carece dun estudo técnico e non corresponde aos concelleiros adoptar medidas que deben vir avaladas por un estudo técnico, e que son funcións que corresponden, en todo caso, ao Consello Regulador.
Matiza que nesta Comarca apostouse por este modelo de vida tendo en conta a calidade final do producto. Explica que o incremento na producción non sempre é o mellor, e a adopción de medidas sen rigor técnico poden levar aparellado riscos.
Conclúe que non apoiarán a proposta ao considerar que non é o lugar axeitado para a súa adopción.
A Sra. Martínez (PsdeG-PSOE) di que o seu grupo é consciente da importancia do sector vitivinícola. Sinala que a cantidade non pode estar reñida coa calidade e que esta pode vir condicionada por factores climatolóxicos que condicionan a producción real.
Ante a inexistencia dun consenso co sector e co Consello Regulador adianta a abstención do seu grupo neste punto da orde do día.
O Sr. Aragunde (PP) di que o seu grupo se amosa en desacordo co texto da moción. Os viticultores teñen as súas propias normas aprobadas no seno do Pleno do Consello Regulador.
Afirma que o sector é quen ten que se regular, que mal non o está a facer tendo en conta que é punteiro a nivel internacional, e considera un despropósito que o Pleno veña a desautorizalo aprobando esta iniciativa. Por estes motivos adianta a abstención do seu grupo na votación.
O Sr. Abal (Cambados Pode) di que parece que vai ter que pedir permiso ao voceiro do BNG para traer as mocións a Pleno.
Defende que a moción é considerada de interese social e beneficia aos veciños, e non pretende meter presión ao Consello Regulador en ningún caso.
Critica a actitude do grupo municipal do PP neste asunto, afeándolle que desprece ao sector do viño coa súa abstención, e indicando que non sabe nin onde está nin como se chama.
Afirma, igualmente, que é a primeira vez en democracia tras corenta anos que en Cambados a alcaldía se pon en contra do sector do viño.
Pon como exemplo a DO Rioja á hora de autorizar a comercialización de excedentes, e incide nas críticas ao grupo municipal do PP por considerar que pasa de todo neste asunto.
O Sr. Charlín (Somos Cambados) lembra ao Sr. Abal que non se atopa nun mítin e reclama un estudo pormenorizado do asunto para que non se malvenda o producto nin descenda a súa calidade.
O Sr. Caamaño (BNG) di que non vai convencer ao Sr. Abal neste asunto pero considera que o sector non é tonto cando non autoriza a comercialización de excedentes.
Ante as críticas do Sr. Abal afirma que os nacionalistas son malos por natureza, que así nacen (en clave humorística).
A Sra. Alcaldesa (PsdeG-PSOE) afirma que non tivo tempo de poñerse en contacto co Presidente do Consello Regulador pero considera primordial que exista consenso co

sector, algo que non concorre neste momento.
O Sr. Aragunde (PP) di que, tras o “subidón” do Sr. Abal no debate, é preciso poñer de manifesto que estas cuestións deben ser debatidas no seno do Consello Regulador e non teñen que decidirse por parte do Sr. Abal e tres persoas “tomando un viño”.
Reclama seriedade e considera que o Pleno do Concello de Cambados non é o foro axeitado para debatir isto.
O Sr. Abal (Cambados Pode) lamenta que o resto dos grupos fosen víctimas das presións do sector pero que el se pon de lado das familias de viticultores ás cales esta medida, considera, pode beneficiar.
Afirma que el non pode tomar viños en Pontevedra como o Sr. Aragunde pero considera que tras situacións como as malas colleitas do ano 2011, estas poden ser medidas moi beneficiosas.
Incide en poner de manifesto as experiencias levadas a cabo na DO Rioja acerca deste particular e refírese aos riscos dos anos 2011-2012 para poñer en valor a proposta.
A Sra. Alcaldesa (PsdeG-PSOE) considera esencial poñerse de acordo co sector neste asunto algo que, polo que parece, non concorre neste caso.
Sometido a votación o Pleno, por un voto a favor do concelleiro integrados nos grupos mixto de Cambados Pode, oito abstencións dos concelleiros integrados no grupo municipal do PP e PsdeG-PSOE e os votos en contra dos concelleiros integrados nos grupos municipais do BNG e Somos Cambados **rexeita a proposición anterior.**

10.- Expediente 1754/2019.- PROPOSICIÓN DE SOMOS CAMBADOS PARA QUE O PROXECTO DO REGULAMENTO XERAL DE COSTAS TEÑA EN CONTA AS DEMANDAS DO SECTOR DO MAR

A Sra. Alcaldesa, ao abeiro do artigo 97.2 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro somete a votación a inclusión na orde do día da seguinte proposición:

O 19 de marzo publicouse mediante procedemento de audiencia e información pública o proxecto de Real Decreto que modifica o Regulamento Xeral de Costas. O devandito regulamento establece, entre outros puntos as condicións, a duración e o custo das concesións concedidas no dominio público marítimo-terrestre e son, polo tanto, aplicable a tódalas empresas que requiran de ocupación no litoral.

A Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar elaborou de xeito opaco unha modificación para a que non contou coa participación e visión dos sectores que viven do mar. O resultado foi un texto no que se mostra un claro descoñecemento da economía pesqueira galega e a singularidade dun sector que debido a súa natureza ou vinculación co mar debe estar na franxa costeira. Así mesmo parece ser o preludio dunha reforma de gran alcance da Lei de Costas, unha norma crucial para a supervivencia dos múltiples sectores económicos que dependen directa e indirectamente da ocupación de parte do dominio público marítimo-terrestre.

Os cambios introducidos polo proxecto do Real Decreto supoñen a eliminación indiscriminada de tódolos artigos que regulan as extensións das concesións e a drástica modificación da interpretación do momento dende que se contabilizan, sen incluír distincións para os sectores que pola súa natureza deben estar no litoral . Ata o de agora a concesión comezaba a contar a partir da solicitude da extensión, baixo o novo criterio será dende a data da concesión orixinal co que a Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar arrebata unha media de 30 anos ás concesións, poñendo en perigo a viabilidade dos investimentos e do emprego.

Resulta unha premisa errónea que a ocupación parcial de estas localizacións polos sectores que o veñen ocupando tradicionalmente non forma parte do interese público ligado ó dominio público e que sexa incompatible co desfrute recreativo da sociedade en xeral.

Os sectores vinculados ao mar demostraron plenamente a sostibilidade ambiental das súa instalacións, forman parte das actividades tradicionais do tecido económico produtivo das nosa comunidades e son unha parte substancial da cohesión social e interterritorial das rexións costeiras A simbiose perfecta que forma parte da idiosincrasia local e non pode ser ignorada por razón absolutamente inxustificadas como as que parecen estar na base da reforma en curso.

Dependencia económica de Cambados do sector do Mar

Cambados é un concello que vive do Mar. O cambio normativo pon en risco a viabilidade e o futur das nove depuradoras localizadas no litoral de Cambados que conxuntamente xeran máis de 20 empregos directos e que son responsables de dar saía a produción marisqueira e bateeira. Unh produción marisqueira que supón outros 400 postos de traballo xestionados a través da Confraría d Pescadores de Cambados.

Cambados sitúase como un dos concellos que dependen en maior medida do Mar como se pod comprobar a través dos datos ofrecidos polo Instituto Galego de Estatística no ano 2015 a través d informe "Análise do sector da pesca". Supoñendo o Sector da Pesca unha achega entre o 10% e 20% do produto interior bruto de Cambados. A importancia non só é local, Cambados sitúase como oitavo concello galego que máis aporta o valor engadido do sector da pesca.

Por todo o exposto, consideramos que a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado debe atender a reivindicacións dos sectores vinculados ao mar. Con esta finalidade, o Pleno da Corporación d Concello de Cambados

ACORDA

1º. Instar á Xunta de Galicia e o Goberno do Estado a:

1.- Negociar cos sectores vinculados ao mar para acadar un acordo que permita que o proxecto d Regulamento Xeral de Costas teña en conta as súas reivindicacións.

2.- Negociar e acadar un acordo para que se teña en conta no proxecto do Regulamento Xeral d Costas e nos artigos que regulan o prazo das concesións, para as actividades económica vinculadas a pesca e o marisqueo e que pola súa natureza deben estar no litoral, se comece a cont o prazo da concesión a partir da solicitude da extensión e non dende a data da concesión orixinal.

2º. Dar traslado do presente acordo a Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado.

O Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes no acto, acorda ratificar a inclusión na orde do día da proposición anterior.

(Ás 23:28 abandona a sesión o Sr. Pérez (PsdeG-PSOE)

O Sr. Cordal (Somos Cambados) da conta da preocupación existente entre os colectivos afectados acerca do proxecto de modificación do Regulamento Xeral de Costas. Non se trata de actividades recreativas, turísticas con problemática ambiental senon de sectores económicos que necesariamente teñen que ocupar o dominio público marítimo terrestre cunha grande trascendencia en Cambados e dos que depende a vida de moitas familias.

O Sr. Abal (Cambados Pode) di amosarse a favor dos sectores productivos cun asentamento na zona de Tragove e Corbillón.

A Sra. Cacabelos (BNG) manifestase a favor da moción e da necesidade de contar con voz propia en Madrid para defender as depuradoras e cocederos que teñen que manterse necesariamente na Costa.
O Sr. Aragunde (PP) considera que o proxecto de Regulamento de Costas é moi gravoso para Galicia e ven contradecir a regulación prevista pola modificación da Lei de Costas.
De igual maneira explica que o allanamiento da Abogacía do Estado na concesión de prórroga a Ence en Pontevedra pon en perigo a 5000 familias que directa ou indirectamente dependen desta industria ademáis de a conserveiras, industrias, edares e mesmo centros educativos.
Critica, ademáis, o escaso marxe concedido á Xunta de Galicia para presentar alegacións no trámite de audiencia a ese organismo.
O Sr. Cordal (Somos Cambados) aclara que a moción pretende defender ao sector da pesca e do marisqueo e non a Ence que é unha industria que perxudica a estes sectores.
Sometido a votación o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes no acto, adopta o seguinte,
ACORDO:
1º.- Instar á Xunta de Galicia e o Goberno do Estado a:
1.- Negociar cos sectores vinculados ao mar para acadar un acordo que permita que o preoxecto do Regulamento Xeral de xostas teña en conta as súas reivindicacións.
2º.- Negociar e acadar un acordo para que se teña en conta no proxecto do Regulametno Xeral de Costas a nos artigos que regulan o prazo das concesións, para as actividades económicas vinculadas á pesca e ó marisqueo e que pola súa natureza deben estar no litoral, se comece a contar o prazo da concesión a partir da solicitude da extensión e non dende a data da concesión orixinal.
2º.- Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado.

Mocións de Urxencia.- MOCIÓN DE SOMOS CAMBADOS PARA QUE AS REDEIRAS SE LLES RECOÑEZA O COEFICIENTE REDUCTOR.-

A Sra. Alcaldesa da conta da proposta presentada polo grupo municipal de Somos Cambados pero que non foi incluída na orde do día:

Segundo puxo de manifesto o colectivo de redeiras, a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social négase a autorizar o inicio do procedemento para o recoñecemento dos coeficientes redutores ante a falta de casos de mortalidade neste colectivo profesional.

Recentemente a Federación Galega de Redeiras Artesanais de Galicia "O Peirao" mostrou a súa indignación e estupor ante a resposta dada polo director xeral de Ordenación da Seguridade Social, Francisco Borja Suárez Corujo, que denega a posibilidade de iniciar o procedemento para tramitar o coeficiente redutor para este colectivo, "*ante a falta de indicios de elevados incrementos nas taxas de mortalidade e morbilidade debido á realización de devandito traballo*".

Nunha resolución asinada o 22 de marzo, o director xeral de Ordenación da Seguridade Social desestimou a solicitude presentada pola Federación Galega de Redeiras Artesáns "O Peirao" en agosto de 2018 aducindo que esta Federación non é ademais unha entidade representativa dos intereses do colectivo de redeiras.

O documento da Seguridade Social mostra un descoñecemento absoluto do colectivo de redeiras, integrado practicamente no 100% por mulleres que ven diminuída a súa capacidade para desenvolver a súa profesión ata os 67 anos, debido á dureza da mesma, polo que se fai precisa unha redución na idade de xubilación destas profesionais.

As redeiras son o único subsector da pesca ao que aínda non se lle recoñeceu o coeficiente redutor e esta circunstancia constitúe unha desigualdade de xénero con respecto aos homes que desenvolven as mesmas tarefas e que si teñen recoñecida esta diminución na idade de xubilación. Xa que teñen a posibilidade de darse de alta como mariñeiros ou outras ocupacións da pesca que lles permiten beneficiarse dos coeficientes redutores aínda que logo fagan reparación de redes, mentres que as mulleres redeiras non poden facelo.

A resolución ditada pola Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social contradí ademais un informe de febreiro de 2014 do pleno do Parlamento Europeo que instaba á responsables de Seguridade Social que non saben que as redeiras traballan con redes quilométricas molladas que supoñen pesos que multiplican varias veces o das traballadoras, e que están sometidas ás inclemencias do tempo, chovendo ás veces en portos no inverno e soportando temperaturas moi elevadas no verán, o que está incidindo na aparición de enfermidades da pel como o cancro de pel, iso sen esquecer a humidade continua e a insalubridade derivada dos traballos de reciclaxe que fan, xa que o mar é un depósito de lixo, as redes que se recollen veñen cheas de materiais en descomposición que provocan, entre outras doenzas, infeccións oculares e alerxias.

Os coeficientes redutores supoñen un adianto na idade de xubilación e benefícianse deles os traballadores da minería, aéreos, ferroviarios, artistas, profesionais taurinos, bombeiros, policías da Ertzaintza, policías locais e traballadores do sector da pesca. Concretamente, deste último, as redeiras son as únicas profesionais que aínda non contan cos coeficientes.

Por todo o exposto anteriormente, o grupo municipal de Somos Cambados

ACORDA:

Instar ao Pleno do concello de Cambados a aprobar os seguintes acordos:

- Instar a que o Director Xeral de Ordenación da Seguridade Social visite as distintas localizacións onde traballan as redeiras para así coñecer in situ as condicións nas que desenvolven a súa profesión.

- Instar a que a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social inicie de oficio o procedemento para o recoñecemento dos coeficientes redutores das Redeiras.

- Que se lle de traslado do presente acordo a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, e a Federación Galega de Redeiras Artesáns "O Peirao"

O Pleno, de acordo co artigo 97.4 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro ratifica a urxencia da moción.
O Sr. Charlín (Somos Cambados) di que a presentación da moción reside na necesariedade de que se contemplen coeficientes reductores nos custos á Seguridade Social do colectivo das redeiras.
O Sr. Abal (Cambados Pode) amósase a favor desta iniciativa que vai en beneficio dun colectivo con implantación en Cambados.
A Sra. Cacabelos (BNG) está de acordo na moción e no recoñecemento das tarefas das redeiras que desempeñan un traballo moi duro e en condicións difíciles.
A Sra. Alcaldesa (PsdeG-PSOE) di que suscriben a intervención anterior e votarán a favor da proposta.
O Sr. Aragunde (PP) di que votarán a favor da proposta.
Sometido a votación o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes no acto, adopta o seguinte,
ACORDO:
- Instar a que o Director Xeral de Ordenación da Seguridade Social visite as distintas localizacións onde traballan as redeiras para así coñecer in situ as condicións nas que desevolvan a súa profesión.
- Instar a que a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social inicie de oficio o procedemento para o recoñecemento dos coeficientes redutores das Redeiras.
- Que se lle de traslado do presente acordo á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, e a Federación Galega de Redeiras Artesáns "O Peirao".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

11.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA.-

Faise constar que xa se lle entregou a cada Portavoz dos Grupos Políticos, fotocopias das resolucións (dende o Decreto n.º 2019-178 ao 2019-424), ditadas pola Alcadía dende a última sesión ordinaria, dándose a Corporación Municipal por enterada.-

12.- CONTESTACIÓN A ROGOS E PREGUNTAS.-

O Sr. Cordal (Somos Cambados) solicita como Rogo que se recolla na acta a lembranza da Revolución dos Claveis de Portugal, de aniversario na data de celebración do Pleno ordinario (25 de abril).

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE